



Remata o roubo de xornada nos PACs

CIG-Saúde consegue un acordo que garante un cómputo xusto das horas traballadas.

 **Desde CIG-Saúde levamos anos denunciando unha situación totalmente inxusta:**

 Ao persoal médico e enfermeiro dos PACs estábanse roubando xornada no cómputo das horas traballadas.

 Non se contabilizaba a xornada durante permisos como ingresos hospitalarios, falecementos de familiares ou incapacidade temporal.

 Isto provocaba que as profesionais chegasen a deber horas ao final do ano ou descontar estas das horas de xornada complementaria xa realizadas.

 **Esta situación rematou**

 Tras anos de denuncia, presión e traballo sindical, CIG-Saúde acadou un acordo fundamental:

 Establécese un cómputo real da xornada

 Déixanse de descontar permisos e ausencias xustificadas

 Ponse fin ao roubo de horas no persoal dos PACs

O acordo foi asinado na Mesa Sectorial o 27 de marzo, iniciando a súa implantación e que terá efectos do 1 de xaneiro de 2026.

 Este logro é resultado da loita sostida de CIG-Saúde en defensa dos dereitos de todo o persoal dos PACs.

 Aínda que non se recollen todas as achegas realizadas por CIG-Saúde, consideramos que é un bo acordo. A súa sinatura permítenos formar parte da comisión de seguimento, onde poderemos seguir defendendo melloras e abordando todas as deficiencias que se detecten.  **Seguiremos vixiando o cumprimento deste acordo.**

